

A VELAS VIR

O lugar onde vivo chámase Mondoñedo. Aínda que sexa moi pequeno e non cheguemos aos 5.000 habitantes, temos título de cidade. Ademais fomos capital dunha das sete provincias do antigo Reino de Galicia e berce de ilustres como Álvaro Cunqueiro, Pascual Veiga, Manuel Leiras Pulpeiro e moitos máis.

Eu tamén nacín en Mondoñedo, pero fai só 15 anos. Daquela tiñamos un monte fermoso, o Padornelo. Uns anos máis para adiante a un señor ocorréuselle que o tramo Abadín-Mondoñedo pasase polo Padornelo. Hai cada un... As obras comezaron a finais do 2007, tiña eu uns 8 anos. Todas as mañás oíamos no val fortes ruídos que procedían dunha especie de bombas para “mellorar o terreo”, ou iso dicían... Todos os mindonienses, incluso os máis pequeniños, mirabamos o noso querido monte con pena, non lle podían estar facendo iso. As obras proseguiron pero aló polo 2009 paralizáronse pola mala calidade xeotécnica. Parece que en España todo o “importante” vai lento, menos o cambio do Rei, claro... Tempo despois volvéronse poñer mans á obra (nunca mellor dito) e a destruír as terras emblemáticas mindonienses. Construíron a ponte máis alta que ninguén puidera imaxinar e en febreiro de 2014 os medios de comunicación enchéronse de titulares como “O final da A-8 achega Galicia ao resto do Cantábrico e a Europa”, “A apertura da A-8 en A Xesta aforrará dez minutos aos usuarios”, etc. Medio millón de políticos achegáronse á inauguración da autovía presidida pola ministra Ana Pastor. Resultou que ese mesmo 4 de febreiro de 2014 (se mal non recordo) había un

vento espantoso, moi normal naquela zona, e os vehículos aínda non puideron circular ata pasados unhas dúas semanas. Fronte ás mensaxes de satisfacción tamén houbo protestas por parte dos alcaldes de Mondoñedo, A Pontenova, Pastoriza e Riotorto para conseguir unha mellora dos accesos á mesma, que sexan, como mínimo, como os que existen noutros sitios. O tramo do que estou a falar estaba limitado desde un principio a 100 km/h xa que nel reina o vento furacanado e a néboa espesa e constante. Unhas semanas despois, a mediados de xullo, pasou o que non tiña que pasar. Nun quilómetro deste tramo a visibilidade era nula, o que provocou unha colisión múltiple con 60 feridos e unha morte. A palabra Mondoñedo volveu a estar en boca de todos os medios de comunicación nacionais e incluso internacionais, pero non para falar da fermosura do seu val senón para darnos a coñecer do trágico accidente ocorrido. “Unha autovía entre nubes”, “Decenas de viaxeiros salvaron a vida ao abandonar os seus coches”, “Brutal choque en cadea”, “A A-8 retrocede cinco meses”, etc. A palabra catástrofe quedaselle corta a este acontecemento daquela mañá de sábado. O tramo Abadín-Mondoñedo permaneceu pechado unhas dúas semanas para o seu arranxo pero a partir de aquel día péchase cada vez que hai moita néboa. Moitos din “Pechará 300 días ao ano”, “Só serve para cando fai sol”, “Pechar a autovía despois de gastar 192 millóns, é que non se fixo ben”, “De cada 10 días, 8 hai néboa”... Digámolo deste xeito: Alguén equivocouse no trazado, quen teña a solución que faga o milagre. Desastroso, andamos “a velas vir”.

Con todo isto só nos queda o que mencionaba antes, o impacto medio ambiental sufrido polo monte Padornelo, un dos emblemas da cidade e a espera a que poñan unha boa sinalización a tempo indicativa de que se está

circulando por terras dunha cidade monumental e de beleza inigualable, con categoría medieval cunha vida de case mil primaveras.

EMEDOBLE